



RESOLUCIÓN da Dirección Xeral Simplificación Administrativa e do Patrimonio, pola que se somete ao trámite de información pública a proposta de estrutura de custos e fórmula de revisión de prezos para o desenvolvemento do contrato de concesión de obra pública para a implantación dun establecemento de cafetería situado no ámbito do PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA, concello de Vigo

Con data 03/10/2025 formalizouse memoria xustificativa da proposta de estrutura de custos para a implantación dun establecemento de cafetería situados no ámbito do PS-5 do Plan Sectorial de Ordenación do Campus Científico-Tecnolóxico do Mar en terreos da ETEA, Concello de Vigo.

O Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, establece a necesidade de aprobación da estrutura de custos do contrato por parte do órgano de contratación, como paso previo á tramitación do sistema de revisión periódica e predeterminada das tarifas do contrato.

Dentro da tramitación da aprobación da estrutura de custos, o apartado 8 do artigo 9 desta norma establece que a proposta de estrutura de custos será sometida a un trámite de información pública por un prazo de vinte días.

Considerando o exposto e o establecido na normativa vixente,

ACORDO:

En cumprimento do establecido no artigo 9.8 do Real decreto 55/2017, do 3 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 2/2015, do 30 de marzo, de desindexación da economía española, por medio da presente resolución ábrese un trámite de información pública durante un prazo de vinte días hábiles (20), contado dende a publicación deste anuncio, co obxecto de que se poidan facer as observacións ou alegacións oportunas, dirixidas á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio da Consellería de Facenda e Administración Pública.





XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
FACENDA E
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Para os efectos da presente resolución, a memoria xustificativa da estrutura de costes e fórmula de revisión de prezos está ao dispor dos interesados na Subdirección Xeral do Patrimonio, edificio administrativo da rúa Pastoriza 8 de Santiago de Compostela. Asimesmo, na páxina Web da Consellería de Facenda <https://facenda.xunta.gal/es/transparencia/procedementos-informacion-publica> e na plataforma de contratación de Galicia.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital
O director xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio
José M^a Barreiro Díaz

